

Maria Xosé Queizán e Carlos Casares falan da novela galega

Encetouse o día quince un ciclo de conferencias sobre do tema «Achegamento a literatura actual galega» organizado pola Asociación de Escritores. O programa comprende doce intervencións de outros tantos autores repartidos en catro xornadas intermitentes. Nesta semana celebrarónse as dúas primeiras e para próxima, nos días vintaedous e vintaetres terá lugar a segunda parte do ciclo que estará dedicado a poesía. Nel intervirán Xosé Luis Méndez Ferrín que falará sobre da «Evolución da poesía galega despois da postguerra», Bernardino Graña, que tratará da «Canción e creación», Manolo Vilanova falará verbo da «actitude de pra unha renovación literaria», Margarita Ledo Andión intervirá sobre «Da forma na comunicación poética», Antón R. Reixa falará «Sobre a actitude poética», e por último, o coordinador das Xornadas e segredario da Asociación de Escritores, Alfonso Pexegueiro centrará a súa intervención sobre do «Mito e poder da poesía».

MARIA XOSE QUEIZAN: «A NOVELA GALEGA»

Na primeira intervención que deu apertura o ciclo na súa parte dedicada a narrativa, participaron María Xosé Queizán e Carlos Casares. Faliou a presencia de Xavier Alcalá que teña de falar sobre de «Qué é unha novela». María Xosé Queizán explicou «A novela galega en relación coa súa sociedade», bosquexando unha panorámica xeral da súa narrativa dende a súa aparición a fins do

século XIX coa novela «Máxima ou a filha espurea» de Marcial Valladares en 1880, típico expoente do novelón sentimental, curiosamente diglosico, e dentro da tónica costumista que continuaría ate entrado o século XX, con novelas nas que predominaban mulleres abnegadas (e o caso de «Nevada» de Francisco Herrera que próximamente vai reeditar «Edicións Xerais»).

Pasou despois a falar do movemento artístico no que surde a novela histórica, como «A terceira de Bonaval» de López Ferreiro, pra pasar despois a novela determinista dentro dun certo naturalismo do que e unha mostra a obra de Xan de Menna, «A besta», aparecida no ano 1899.

Andando o presente século a novela galega segue a ser folletinesca, sentimental e rural, incidindo a conferenciante no desparello desenvolvemento dos nosos pais respecto do resto de Europa onde se estaba a producir un proceso de amplia difusión cultural protagonizado pola burguesía; dado que a producción libresca está intimamente vincillada o nivel de vida, e Galicia daquela e netamente rural, non se da o necesario consumo de libros, entre outras cousas pola falla dunha burguesía autónoma que podera levar a cabo o espallamento cultural que se está a dar no continente europeo.

Até a aparición da xeneración «Nos», Galicia non se vencellada o acontecer literario do resto de Europa. Nistos momentos

estase a dar unha novela que reflexa o estado de descontento inconsciente dunha sociedad que tenta de se orientar cara a valores cualitativos, e unha narrativa que produce persoaxes individualistas, enfrentados coa sociedade que os arrodea, na procura de valores auténticos nun mundo en exceso conformismo convencional.

Na súa literatura hai nódios exemplos deste quefacer, desde a obra de Otero Pedrayo, que en «Arredor de si» parte da súa experiencia personal e plasma a fuxida do individuo, neste caso cara a outras latitudes, e o desprecio da súa xeneración pola burguesía foránea, ate outro home da época, Castelao, que utilizara o camifio do humor para fuxir tamén desa mesma realidade contestada. A literatura galega neste intre funciona como reacción diante dun mundo hostil e incoerente. Logo vai evolucionar o mesmo ritmo que a sociedade que a produce e pasan a se-los artistas un producto do seu tempo.

Maria Xosé Queizán puxo como exemplo deste proceso a obra de Mourullo «Nasce un arbre» na que escomenza o proceso de deshumanización dos protagonistas, ou «Memorias de tains», onde aparecen seres perdidos, kafkianos, en situacións caóticas; xurdien os temas da morte, o sexo, o mundo onírico, agromía o inconsciente, dándose tamén, noutras obras a aparición da influencia do corrente «behaviourista». Escomenza unha etapa de destruc-

ción da propia estrutura da novela e de falla de coincidencia do artista consigo mesmo, dándose un afastamento pleno do espírito totalizador da xeración «Nos» pra escomenzar a se tratar asuntos parcelados, nímios, como na obra de Suárez Llanos «Como cíquer dia».

A novela actual calificouna de loita contra o sentimentalismo, tentando afastarse do ruraismo pra se mergullar na aventura urbán como reflexo, e en función, do cambeo social de Galicia. Dixo que era unha novela progresista porque se incorpora as tendencias europeas, actualizando a súa sociedade e manifestando a súas contradiccións.

CASARES: «OS TOPICOS DA NARRATIVA»

De seguido tomou a palabra Carlos Casares quen disertou sobre de «Algunas tópicos sobre a narrativa galega». Explicou o conferenciante como as correntes literarias son xeneradas por feitos irrationais que conlevan a consideración valorativa das obras literarias a través dunha opinión inducida polos que detentan a capacidade de crítica e de acceso comprensivo as obras mais complejas, citando o caso do «Ulises».

de Joyce, considerada por todo o mundo como unha grande novela, a pesares de ser unha obra de difícil comprensión que non chega a unha maioría de persoas.

Referiu-se a este fenómeno como xeral a toda a arte no presente século a que ten mais que ver coa historia da literatura que coa da sociedade. Nas sociedades que teñen canles xeradoras de opinión (xornais, catedras, clubes literarios, etc.), e cunha vida cultural racional, dixo Casares que se podían invertir os termos chegando o artista a plasma-lo pensamento do crítico. Referiu-se a súa sociedade decidio que non hai opinión literaria solvente, acrecentado este feito pola falla de orientación cara o lector, o grande público, co que se conquiou xenerar unha chea de tópicos, respecto da súa literatura. Aquí centrou a súa charla, desmitificando tópicos que abundan a hora de considerar os nosos escritores. Citou a Otero Pedrayo decindo que era un novelista devaluado na estima de público e crítica galegos, a pesares de ser o melhor dotado pra narración, dos homes da xeración «Nos».

Poren, refiriuse a Castelao como un autor revaluado, influenciada esta opinión, de fixo, pola súa imaxe pública e por ser a súa unha obra de doada e amena lectura, pro con importantes limitacións, mesmo nun senso cuantitativo. Outro bo na-

rrador o seu xuício, e moi deva-luado, e Vicente Risco, naméntrás que unha obra como «Memorias dun neno labrego» de Neira Vilas, sen acadar un gran cumpleaño literario, e un best-seller dentro da súa literatura o ter acadado xa os cento vinte-cinco mil exemplares vendidos, cun gran éxito de público. Por último falou do tópico da necesidade dunha grande «novela longa», nas nosas letras, calificando de frustración de probe ese anejo inxustificado, o que se podería engadir o de que os gallegos están mellor dotados prá lirica que pra narrativa e que podería explicarse porque a novela en Galicia e un xénero reciente que se desenvolve sobre de todo nos nosos días. Citou a Blanco Amor coma un autor preocupado tamén por facer esa grande novela que non temos, sendo nembargantes un fabuloso creador de relatos cortos, como quedou amosado en «Os biosbardos».

O remate da intervención de Carlos Casares, comunicouse o público a triste nova do fallecimiento de Rafael Dieste, e con este motivo pediuuselle os conferenciante que fixesen unha semblanza do finado que foi improvisada emotivamente.

M.X. PORTEIRO